

Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal

**Ficha documental da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do
26/08/1953**

Colección:

Data: 26/08/1953

De:

Virxinia Pereira Renda;

Para:

Valentín Paz-Andrade;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Arquivo Valentín Paz-Andrade



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do 26/08/1953

Bos Aires, 26-08-1953

Sr. Don Valentín Paz-Andrade

Moi estimado amigo:

Na duda de que vostede estivera fora de Vigo cando recibin carta de Pepe Núñez preguntándome si preciso de algo que íl poida xestionarme denantes do seu regreso a Bos Aires, aproveitei de escribirlle sobor dun asunto, pregándolle que se entrevistara con vostede para expricarlle canto eu lle decia na miña non sei si se atoparon ou non, e por iso decido enviarlle ta'men as presentes liñas, por sere urxente a razón que me obriga a elo. Fai días recibin un aviso, no que me comuñican que a sepultura nosa de Pontevedra onde está enterrado o meu pequeno fillo, venceu xa os 25 anos que tiñamos pagados, o día 17 de agosto pasado, sendo necesario, -o mais axiña posibre-, renovar outro pago a fin de non me expoñera a piores males, ademais de parecerme xusto o que se me exige. Necesito pois de vostede amigo Valentín pra que me faga o grandismo favor de interesarse n-este asunto, que confio nas súas máns segura de que o arranxará e por que ademais non vexo modo de poder sustraelo a esta nova molestia toda vez que miñas irmáns nada poderán facer non dispoñendo dun poder meu que non teñen. Por razóns de sentimento que non son do caso espoñer agora, eu desexo, e debo mercar dita sepultura a perpetuidade, quitándome eisi unha preocupación que non me deixa acougada. A cantidade que se precisa pra facer efectivo ise pago (a perpetuidade) e, p-olo visto de 2.500 pesetas, que vostede fará o favor de sacalas da miña conta corrente igoal que fixo n-outra ocasión, xa que a min convenme mellor pagar con pesetas que deprenderme de pesos...vostede me comprende. Sara e Clemencia atópanse en Vigo na cansadora faena de levantar súa casa, de modo que se precisa d-elas pra algún dato sobor do panteón, penso que aínda seguirán por Vigo durante un tempo mais. Gracias por todo amigo Valentín, esperando de vostede algunh-a noticia. Esta deslabazada carta, débese a unha rapaciña que teño aquí e non me deixa en paz.

Coida que aínda estarán disfrutando dun lindo tempo, que pronto se revirá pra vir cara a nós que ben o merecemos despois da invernia cura que soportamos este ano.

Xa saberá da laboura formidabre que desenrolou García Sabell durante as xornadas galegas, e o recordo gratísimo que deixou no corazón de xente de eiqui. Intelixente, bo, e galego cen por cen.

¿Que dice e que fai Pilariña? Reciba ela, Alfonsiño e vostede, unha aberta fonda d-esta amiga que os lembra con agarimo.

Sempre Virxinia P. de Castelao.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.